

GONDOMAR

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER NO CONCELLO DE GONDOMAR

Exposición de motivos

Ao longo da historia da humanidade a participación das mulleres na vida pública e política foi mínima xa que foi relegada ao ámbito do privado, á vida doméstica e familiar. Os Consellos Municipais da muller son unha ferramenta importante para ir cambiando esta situación xa que propician a participación das mulleres na vida municipal, contribuíndo a que sexan cidadanas de pleno dereito.

Corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, como instrumento que propicie o libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da orde política e da paz social. O dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, debe promoverse e expresarse en todos os ámbitos, tanto en referencia ás persoas individualmente consideradas, como respecto aos grupos de diversa natureza na que se integran.

A Lei 7/85 reguladora das bases de Réxime Local, modificada mediante lei 11/99 de 21 de abril, no seu art.4. 1ª) sinala que lle corresponden ao Concello na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial “as potestades regulamentarias e de autoorganización”.

A Lei 30/92 de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/99 de 13 de xaneiro, incorpora no seu art.5 1, os principios de legalidade, xerarquía normativa e competencia.

A Constitución Española establece no seu art.14 o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo. E no seu art.9.2 sinalase que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remove-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódalas/os cidadás/ás na vida política, económica, cultural e social.

Tendo en conta o anterior, a concellería da muller propón ao Pleno do Concello de Gondomar, previo dictame da comisión informativa correspondente, a aprobación da seguinte normativa particular, encamiñada a garanti-lo dereito á participación na vida municipal das cidadás de Gondomar.

ARTIGO1.—OBXECTI VOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Serán obxectivos do Consello Municipal da Muller os seguintes:

- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a mullre.
- Promover e dar prioridade ás iniciativas da Concellería e doutras institucións, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos á muller.
- Potencia-la coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Gondomar.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas concellerías, á Corporación, aos Consellos Municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Promover a presenza e a participación das mulleres en todos os ámbitos. Analiza-las actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no municipio para darlles resposta.
- Informar, debater e difundir temas sobre dereitos das mulleres.
- Apoiar e fomenta-lo asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidariedade.
- Velar pola aplicación do principio de igualdade nas actuacións municipais.

- Participar na elaboración dos Plans municipais de igualdade de oportunidades para as mulleres do Concello de Gondomar e, unha vez aprobados polo Pleno, participar no seguemento.
- Propoñer actuacións para a igualdade de oportunidades das mulleres no municipio.
- Denuncia-las conductas de discriminación que se produzan de cara as mulleres.

ARTIGO 2.—COMPOSICIÓN

O Consello Municipal da Muller estará integra-do por:

- Presidente/a: O/A Alcalde/sa ou Concelleira da Muller.
- Unha representante de cada grupo político municipal a elixir por este.
- Unha representante do Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Gondomar que pode ser a directora, a axente de igualdade, etc.
- Unha representante de cada unha das asociacións de mulleres do Concello de Gondomar, que estarán inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, designadas polas mesmas.
- Unha representante de cada unha das secretarías da muller dos sindicatos (se existisen) con representación no municipio, designadas polos mesmos.
- Unha representante das organizacións empresariais de mulleres (se existisen) designadas polas mesmas.
- Unha representante do Servicio Galego para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller, nomeada polo mesmo.
- Catro representantes a elixir entre as vocalías da muller das asociación de veciños que estean inscritas como tales no Rexistro Municipal de Asociacións, designadas polas mesmas.

ARTIGO 3.—DAS COMISIONS DE TRABALLO

No seo do Consello poderan constituirse as seguintes comisións de traballo:

- Formación, emprego e relacións laborais.
- Violencia de xénero.
- Saúde e sexualidade
- Atención social e reparto das responsabilidades e conciliación da vida familiar e laboral.
- Cultura e Educación en igualdade.
- Calquera outra que o Consello considera oportuna.

ARTIGO 4.—DA CONVOCATORIA DAS SESIÓNS DO CONSELLO

A convocatoria das sesións ordinarias realizara-se, pola Presidencia do Consello, cunha antelación mínima de dous días á data da xuntanza. A Concellería da Muller, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, porá a disposición das membras do Consello no lugar que se estableza ao efecto, a documentación necesaria para o axeitado desenvolvemento das súas tarefas.

O Consello Municipal da Muller celebrará sesión ordinaria cando menos unha vez cada seis meses.

ARTIGO 5.—DAS CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS

Poderá convocarse con carácter extraordinario cantas veces o decida a súa presidencia, acorde o Pleno ou así o soliciten formalmente os 3/5 das súas conselleiras. As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. A sesión extraordinaria do Consello celebrárase nun prazo máximo de vinte días a contar dende o momento da convocatoria.

ARTIGO 6.—DOS ACORDOS

As decisións serán tomadas pola maioría simple das representantes presentes na sesión do Consello, agás aquelas que por regulamentación se esixa algunha maioría cualificada.

ARTIGO 7.—MESA DO CONSELLO

O Consello Municipal da Muller conta cos seguintes cargos unipersonais, que formarán a Mesa do Consello:

- Presidente/a
- Vicepresidenta
- Secretario/a
- Vocais das Comisións de traballo.

ARTIGO 8.—DA PRESIDENCIA

A presidenta será o/a Alcalde/sa ou Concelleira en quen delegue.

Será funcións da presidencia:

- Convocar e presidi-las reunións.
- Representar ao Consello.
- Prepara-la orde do día
- Ordena-los debates e someter a votación os acordos.
- Executar os acordos do Consello
- Velar pola correcta aplicación das normas contidas neste Regulamento.

ARTIGO 9. DA VICEPRESIDENCIA

A Vicepresidente será elexida polo Pleno do Consello Local da Muller, entre as membras non corporativas, na primeira sesión logo da constitución do Consello.

Para ser elexida Vicepresidenta requírese o voto favorable da maioría absoluta en primeira votación. De non obter ningunha candidata esa maioría, resultará elexida na votación seguinte, a que acada máis votos.

Serán as súas funcións:

- 1.—Asistir á Presidenta do Consello nos asuntos que esta requira.
- 2.—Substituír á Presidenta, por delegación desta, nos casos de ausencia ou enfermidade.

ARTIGO 10.—DA SECRETARÍA

Será o/a Secretario/a xeral da Corporación ou funcionario/a ou traballador/a en quen delegue, preferentemente do servizo de Muller do concello. Será o responsable do levantamento de actas de cada xuntanza, así como de facilitar coa autorización da Presidencia, a documentación necesaria ás membras do Consello. As actas serán asinadas polo Secretario/a co visto e praxe da presidencia e serán sometidas para a súa aprobación ao inicio da seguinte sesión. Asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

ARTIGO 11.—DAS COMISSIONS DE TRABALLO

O Consello Local da Muller decidirá a constitución de comisións de traballo con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación en materia da súa competencia.

Poderán participar nas Comisións de traballo aquelas persoas que sexan requeridas polo Consello, ou que o soliciten formalmente diante deste organismo, para presentar informes técnicos ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ao colectivo que representan.

ARTIGO 12.—ELECCIÓN DAS CONSELLEIRAS

As integrantes do Consello Local da muller serán renovadas, aínda que poidan ser nomeadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación, e no prazo máximo de tres meses despois de constituída.

A presidenta dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder á renovación cando proceda.

Por cada Consellería poderá designarse unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da titular por ausencia xustificada desta.

ARTIGO 13.—EXTINCIÓN DOS NOMEAMENTOS O nomeamento poderá extinguirse por:

- Revogación por parte da entidade á que re-presenta.
- Por renuncia expresa da interesada. *ARTIGO 14.—RÉXIME XURÍDICO*

En todo o non previsto no presente Regulamento, estarase ao disposto no Cap. II do Título II da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada mediante Lei 11/1999, de 21 de abril, no que se refire ao funcionamento dos órganos colexiados.

Disposición final

O presente regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrer o prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación.

Gondomar, a 19 de outubro de 2006.—O Alcalde, J. Carlos Silva Mariño.